



... Ordenanzas y Reglamentos

Nueva Búsqueda

## Vimianzo - Ordenanza fiscal núm. 14, reguladora de la tasa por entrada de vehículos desde la vía pública a los edificios, locales, solares y de las reservas de vía pública para aparcamiento, carga, descarga y otras actividades en interés particular

Publicación provisional : 12-11-1998 BOP Nº 260 -- Publicación definitiva : 28-12-1998 BOP Nº 296  
Redacción Aplicable desde 01-01-2008

Redacciones

- Artigo 1. Fundamento e obxecto.
- Artigo 2. Feito impoñible.
- Artigo 3. Suxeitos pasivos.
- Artigo 4. Base impoñible.
- Artigo 5. Tarifas.
- Artigo 6. Exencións.
- Artigo 7. Devengo.
- Artigo 8. Normas de xestión.
- Artigo 9. Infraccións e sancións tributarias.
- Disposición derradeira.

### Artigo 1. Fundamento e obxecto.

De conformidade co previsto no art. 57 e 20.3.h) do Texto refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, este Concello establece a Taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas ós edificios, locais e soares e das reservas de vía pública para aparcamento, carga, descarga e outras actividades en interese particular especificado nas Tarifas contidas no apartado 2 do artigo 4º seguinte, que se rexerá pola presente Ordenanza, polo previsto na ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos municipais e na normativa das facendas locais.

### Artigo 2. Feito impoñible.

Constitúen o feito impoñible desta Taxa, a utilización privativa ou o aproveitamento especial das vías municipais nos casos seguintes:

- a) Entradas de vehículos en edificios, soares, fábricas, talleres e en xeral en inmoables de calquera destino, realizada a través de terreos destinados ó uso público, xa teñan licenza de vado permanente ou temporal.
- b) Reservas permanentes para actividades distintas do acceso de inmoables.
- c) Reservas de carácter temporal para diversas actividades de comercio, construción, servizos, subministrados e outros.

### Artigo 3. Suxeitos pasivos.

3.1. É suxeito pasivo, en concepto de contribuínte, a persoa física ou xurídica e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que utilicen ou aproveiten as entradas ou reservas. Cando se solicite licenza para a utilización ou aproveitamento, entenderase que ten a condición de suxeito pasivo o solicitante ou a persoa ou entidade que represente. Se o aproveitamento se realizara sen obter licenza, considerarase que ten a condición de suxeito pasivo o propietario do inmoable ou da empresa que utilizara a entrada ou reserva.

3.2. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

3.3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

### Artigo 4. Base impoñible.

Tomarase como base para determinar a cota:

- a) Nas entradas de vehículos a través das beirarrúas (vados), a lonxitude da entrada reservada.
- b) Nas reservas permanentes ou temporais a lonxitude do espazo reservado.

### Artigo 5. Tarifas.

As tarifas que se esixirán serán as seguintes:

- 5.1. Entradas de vehículos a través das beirarrúas (vados) de carácter permanente: 15,00 euros por m/lineal ano.
- 5.2. Entradas de vehículos a través das beirarrúas (vados) de carácter temporal: 12,00 euros por m/lineal ano.
- 5.3. Reservas de carácter temporal da vía pública, ata 4 m/lineais: 15,00 euros por m/lineal ano. Cando a reserva do apartado anterior sexa superior ós 4 m/l., por cada m/l. de reserva en exceso aplicarase un 25% adicional.
- 5.4. Polo pintado do vado, placa e selo municipal: 40,00 euros.

### Artigo 6. Exencións.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

### Artigo 7. Devengo.

- 7.1. A taxa devengarase no momento de solicitarse a licenza ou de iniciarse o aproveitamento, cando non se obtivera a correspondente licenza.
- 7.2. Nos aproveitamentos continuados, o devengo producirase, respecto da totalidade da cota, o primeiro día do ano natural, calquera que sexa o tempo de duración do aproveitamento.
- 7.3. No caso de cese no aproveitamento especial ou na utilización privativa, as cotas serán prorrateables por semestres naturais, excluído aquel no que se produza dito cese.
- 7.4. No suposto de cambio de suxeito pasivo, a obrigación tributaria do pago do semestre natural corresponderá o que figure como contribuínte no padrón da taxa.

## **Artigo 8. Normas de xestión.**

8.1. No momento de solicitar a autorización para realizar os aproveitamentos contemplados na presente ordenanza, os peticionarios deberán autoliquidar a taxa e efectuar o seu pagamento mediante ingreso directo nas Entidades Bancarias colaboradoras ou en na Tesourería municipal, pero sempre antes de retirar a correspondente licenza.

A solicitude de licenza deberá realizarse por medio de instancia dirixida á Alcaldía e acompañando os documentos que sexan necesarios en cada caso, iniciándose así a tramitación do expediente. Revisarase a autoliquidación, xirándose, no seu caso, as liquidacións complementarias ou efectuándose os abonos que procedan.

8.2. Para o cobro das cotas periódicas posteriores, formarase anualmente un Padrón conforme ó establecido na Ordenanza de xestión.

Entenderase que a persoa que obtén a concesión está notificada da súa inclusión no Padrón para o cobro do canon anual.

8.3. De ter lugar o aproveitamento sen ter solicitado licenza ou excedendo do autorizado, este Concello procederá a iniciar o expediente e a liquidar as cantidades correspondentes, sen prexuízo da aplicación das sancións que procedan.

8.4. O pagamento da taxa non supón a adquisición do dereito a realizar o aproveitamento, podendo a administración municipal adoptar as medidas que procedan para evitar a continuación de aqueles que non poidan ser autorizados por no cumprir as condicións requiridas, se ben a actuación municipal neste sentido provocará a baixa na matrícula.

## **Artigo 9. Infraccións e sancións tributarias.**

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas corresponden en cada caso, estarase ó disposto no artigo 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e na Ordenanza de xestión.

## **Disposición derradeira.**

A presente ordenanza entrará en vigor una vez aprobada definitivamente, e publicada o seu texto íntegro no BOP, consonte co previsto no art. 107.1 da LBRL, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. Comenzará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2008, se a súa publicación definitiva no BOP se produce antes do 1 de xaneiro de dito ano, e senon o día seguinte da su publicación.